



## NOTIFICACIÓN

<b>Expediente</b>	<b>2020038872</b>	<b>Subvención</b>
<b>Asunto</b>	XXXII CONCURSO INTERNACIONAL DE PIANO CIDADE DE FERROL 2021 / Realización do XXXII Concurso Internacional de Piano Cidade de Ferrol 2021	

O concelleiro delegado da Área de Cultura, Educación, Universidade, Deportes e Festas aprobou o día 12.02.2021, a seguinte resolución:

“Examinouse o informe proposta elaborado polo Negociado de Promoción Cultural con data 12.02.2021 e que literalmente di :

**“Informe proposta para a aprobación da convocatoria pública e do gasto correspondentes ao XXXII Concurso Internacional de Piano Cidade de Ferrol ano 2021.**

O Excmo. Concello Pleno, en sesións realizadas o día 28.01.2021 e 10.02.2021, adoptou o acordo de aprobación das Bases reguladoras do XXXII Concurso Internacional de Piano Cidade de Ferrol ano 2021.

Con data estas bases foron publicada no BOP nº 29 de data 12.02.2021.

O artigo 23 da Lei xeral de subvencións establece que o procedemento de concesión das subvencións se iniciará sempre de oficio, inicio que se levara a cabo mediante unha convocatoria polo órgano competente, convocatoria que se publicara Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e un extrato da mesma no Boletín Oficial da Provincia.

Dende un punto de vista procedimental corresponde ao alcalde ou -no seu defecto- ao titular en delegación da materia á aprobación da convocatoria, nos termos do artigo 21.1 s) da Lei 7/85 reguladora das bases de réxime local.

Por todo o anterior, próponse ao Concelleiro delegado de Cultura, Educación, Universidade, Deportes e Festas o seguinte:

**Primeiro.-** Aprobado a convocatoria pública do XXXII Concurso Internacional de Piano Cidade de Ferrol ano 2021, de conformidade coas bases reguladoras aprobadas por acordos plenarios de data 28.01.2021 e 10.02.2021, así como o anexo que se achega.

**Segundo.-** A convocatoria rexerese polas citadas bases reguladoras publicadas no BOP da Coruña BOP nº 29 de data 12.02.2021 e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Ferrol.

[https://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2021/02/12/2021\\_0000001102.pdf](https://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2021/02/12/2021_0000001102.pdf)

**Terceiro.-** O importe correspondente ao gasto dos premios é de 34.900 € que se imputará con cargo a

aplicación orzamentaria 05101 3301 48000.

**Cuarto.-** O prazo de presentación de solicitudes será dende o día ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña do extracto desta convocatoria ata o día 01.04.2021 ás 23.59 PM.

**Quinto.-** Notificar esta resolución, así como o extracto da convocatoria que se achega como anexo, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións (SNPS), de conformidade co previsto nos artigos 17.3 b) e 20.8 a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

## **ANEXO (en galego)**

*Versión galego*

## **CONVOCATORIA PÚBLICA DO XXXII CONCURSO INTERNACIONAL DE PIANO CIDADE DE FERROL ANO 2021**

De conformidade co previsto nos artigos 17.3 b) e 20.8 a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria do XXXII Concurso Internacional de Piano Cidade de Ferrol ano 2021.

### **Bases reguladoras**

As bases reguladoras do XXXII Concurso Internacional de Piano Cidade de Ferrol ano 2021 foron aprobadas por acordos plenarios do 28.01.2021 e 10.02.2021 e publicadas no BOP da Coruña nº 29 de data 12.02.2021 e no taboleiro de anuncios da sede electrónica da páxina web do Concello de Ferrol.

[https://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2021/02/12/2021\\_0000001102.pdf](https://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2021/02/12/2021_0000001102.pdf)

### **Créditos orzamentarios**

Os premios serán financiados con cargo a aplicación orzamentaria 05101 3301 48000.

### **Obxecto e contido**

A concellería de Cultura do Concello de Ferrol organiza o XXXII Concurso Internacional de Piano en réxime de libre concorrència.

O concurso constará de 5 diferentes rondas: fase de preselección (enlace de vídeo), primeira ronda, segunda ronda, semifinal e final con orquestra. Gravarase e retransmitirase en streaming tódalas probas do Concurso, correspondendo a este Concello os dereitos de gravación, difusión ou emisión das mesmas, tanto en formato de audio como de vídeo.

O premio desenvolverase, nas súas fases preliminares, no Teatro Jofre. A final terá lugar no Auditorio de Ferrol.

### **Requisitos para solicitar a participación**

Poderá participar no concurso os pianistas de calquera nacionalidade, sen límite de idade e cumbran os requisitos establecidos na base terceira.

### **Órganos competentes para instrución e resolución do procedemento**

O impulso, ordenación, instrución e resolución das cuestións que deriven das bases, corresponderá ao concelleiro delegado da área de Cultura, Educación, Universidade, Deportes e Festas. En todo caso, aplicarase de xeito supletorio o establecido na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ferrol.

Corresponderá ao dito órgano, previo os informes que considere necesarios, resolver ou determinar todas aquelas situacións non contempladas nestas bases. Do mesmo xeito, poderá adaptalas a calquera situación de forza maior que puidera xurdir.

### **Prazo de inscrición**

O período de inscrición abarcará dende a data de publicación da convocatoria no BOP da Coruña ata o 01.04.2021 ás 23.59 PM.

### **Prazo de resolución e notificación**

Entre os participantes inscritos haberá unha preselección. O xurado das probas de preselección estará formado por un mínimo de 5 profesionais de recoñecido prestixio, os cales serán nomeados a través da resolución correspondente e publicados na páxina web do concurso. No caso de que algún deles non puidera exercer finalmente as súas funcións, a organización poderá substituílo por outro membro de recoñecido prestixio.

Os participantes que resulten seleccionados serán notificados a través do correo electrónico. No caso de que algún dos seleccionados non participe finalmente, pasarase ao seguinte na lista de reservas.

Os concursantes seleccionados estarán suxeitos a seguinte orde no relativo ao desenvolvemento do concurso:

- Venres 30 de abril do 2021 ás 20.30h: cerimonia de inauguración e concerto de apertura do concurso
- Sábado 1 de maio do 2021 ás 9.00h :recepción dos participantes e sorteo
- 1,2 e 3 de maio: primeira ronda
- 4,5 de maio: segunda ronda
- 6 de maio: semifinal
- 7 de maio: ensaio dos finalistas coa orquestra/día de descanso
- 8 de maio ás 20.00h : final, deliberación do xurado e entrega de premios

Sen perxuízo da publicación dos interpretes premiados na Base Nacional de Subvenciones, publicaranse na web do Concello tanto os interpretes preseleccionados, como os resultados das sucesivas rondas, así como o resultado dos gañadores dos distintos premios.

### **Documentos e informacións que deben acompañarse á petición**

Coa inscrición, os interesados deberán achegar o seu curriculum vitae en calquera dos seguintes idiomas: galego, castelán ou inglés (en formato PDF), o seu DNI ou pasaporte, unha fotografía a cor, así como unha gravación de vídeo de piano dun máximo de 15 minutos (piano solo), a través dun único enlace de vídeo de Youtube (da mellor calidade posible). Estas gravacións deberán ter unha

antigüidade máxima de 2 anos. O programa da dita gravación será de libre elección.

### **Contía dos premios**

Nos termos da base décima o xurado poderá outorgar os seguintes premios:

Primeiro premio: 15.000 euros e diploma/ Concertos coa Orquestra Sinfónica de Galicia /Concerto en Ferrol

Segundo premio: 10.000 euros e diploma

Terceiro premio: 5.000 euros e diploma

Premio “Alicia de Larrocha” ao mellor intérprete de música española: 1.000 euros e diploma

Premio “Pepito Arriola” ao mellor pianista español: 500 euros e diploma

Premio “Gregorio Baudot” ao mellor intérprete dunha obra dun compositor galego, de entre a listaxe de compositores galegos: 500 euros e diploma.

Premio do público “Concepción Arenal” : Diploma

Premio do público “Ferrol para el mundo” (en streaming): Diploma

Un máximo de 5 mencións de honor, aos participantes destacados que o xurado considere: 200 euros e diploma.

### **Accésit:**

- Participantes que pasen á semifinal:

A organización premiará con 100 euros a cada un dos semifinalistas, excepto se algún deles obtivera algún premio o Mención de honor.

- Participantes que non pasen á semifinal

De entre os participantes que non pasen a primeira nin a segunda ronda, o xurado decidirá a un máximo de 10 pianistas que considere, para participar no Festival Internacional de Ferrol, que se celebrará en paralelo ao concurso, polo que percibirán un accésit de 100 euros, e un diploma acreditativo. O resto de participantes que estiveran interesados en participar no dito festival, sempre que a organización estea de acordo, recibirán un diploma acreditativo.

O xurado poderá acordar a concesión dun premio ex aequo, e no dito caso o importe do mesmo dividiriase entre os participantes premiados. O primeiro premio non poderá concederse ex aequo.

### **Criterios de outorgamento.**

Os xurados valorarán aos concursantes segundo criterios en canto a calidade artística, interpretativa, técnica e musical, entre outros factores.

### **ANEXO (en castellano)**

*Versión castelán*

# CONVOCATORIA PÚBLICA DEL XXXII CONCURSO INTERNACIONAL DE PIANO CIUDAD DE FERROL AÑO 2021

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3 b) e 20.8 a) de la Ley 38/2003, del 17 de noviembre, general de subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria del XXXII Concurso Internacional de Piano Ciudad de Ferrol año 2021.

## Bases reguladoras

Las bases reguladoras del XXXII Concurso Internacional de Piano Cidade de Ferrol año 2021 fueron aprobadas por acuerdos plenarios de 28.01.2021 y 10.02.2021 y publicadas en el BOP de A Coruña nº 29 de fecha 12.02.2021 y en el tablón de anuncios de la sede electrónica de la página web del Ayuntamiento de Ferrol.

[https://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2021/02/12/2021\\_0000001102.pdf](https://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2021/02/12/2021_0000001102.pdf)

## Créditos presupuestarios

Los premios serán financiados con cargo a la aplicación presupuestaria 05101 3301 48000.

## Objeto y contenido

La Concejalía de Cultura del Ayuntamiento de Ferrol organiza el XXXII Concurso Internacional de Piano en régimen de libre concurrencia.

El concurso constará de 5 diferentes rondas: fase de preselección (enlace de vídeo), primera ronda, segunda ronda, semifinal y final con orquesta. Se grabará y se retransmitirá en streaming todas las pruebas del Concurso, correspondiendo a este Ayuntamiento los derechos de grabación, difusión o emisión de las mismas, tanto en formato de audio como de video.

El premio se desarrollará, en sus fases preliminares, en el Teatro Jofre. La final tendrá lugar en el Auditorio de Ferrol.

## Requisitos para solicitar la participación

Podrán participar en el concurso los pianistas de cualquier nacionalidad, sin límite de edad y que cumplan los requisitos establecidos en la base tercera.

## Órganos competentes para instrucción y resolución del procedimiento

El impulso, ordenación, instrucción y resolución de las cuestiones que deriven de las presentes bases, corresponderá al Concejal delegado del área de Cultura, Educación, Universidad, Deportes y Fiestas. En todo caso, se aplicará de manera supletoria lo establecido en la Ordenanza General de Subvenciones del Ayuntamiento de Ferrol.

Corresponderá a dicho órgano, previo los informes que considere necesarios, resolver o determinar todas aquellas situaciones no contempladas en estas bases. Del mismo modo, podrá adaptarlas a cualquier situación de fuerza mayor que pueda surgir.

## Prazo de inscripción

El período de inscripción abarcará desde la fecha de publicación de la convocatoria en el BOP de A Coruña hasta el 01.04.2021 a las 23.59 PM.

## **Plazo de resolución y notificación**

Entre los participantes inscritos habrá una preselección. El jurado de las pruebas de preselección estará formado por un mínimo de 5 profesionales de reconocido prestigio, los cuales serán nombrados a través de la resolución correspondiente y publicados en la página web del concurso. En el caso de que alguno de ellos no pudiera ejercer finalmente sus funciones, la organización podrá sustituirlo por otro miembro de reconocido prestigio.

Los participantes que resulten seleccionados serán notificados a través del correo electrónico. En el caso de que alguno de los seleccionados no participe finalmente, se pasará al siguiente en la lista de reservas.

Los concursantes seleccionados estarán sujetos al siguiente orden en lo relativo al desarrollo del concurso:

- Viernes 30 de abril del 2021 a las 20:30h: ceremonia de inauguración y concierto de apertura del concurso
- Sábado 1 de mayo del 2021 a las 9:00h :recepción de los participantes y sorteo
- 1,2 e 3 de mayo: primera ronda
- 4,5 de mayo: segunda ronda
- 6 de mayo: semifinal
- 7 de mayo: ensayo de los finalistas con la orquesta/día de descanso
- 8 de mayo a las 20:00h : final, deliberación del jurado y entrega de premios

Sin perjuicio de la publicación de los intérpretes premiados en la Base Nacional de Subvenciones, se publicarán en la web del Ayuntamiento tanto los intérpretes preseleccionados, como los resultados de las sucesivas rondas, así como el resultado de los ganadores de los distintos premios.

## **Documentos e informaciones que deben acompañarse a la petición**

Con la inscripción, los interesados deberán adjuntar su curriculum vitae en cualquiera de los siguientes idiomas: gallego, castellano o inglés (en formato PDF), su DNI o pasaporte, una fotografía en color, así como una grabación de vídeo de piano de un máximo de 15 minutos (piano solo), a través de un único enlace de vídeo de Youtube (de la mejor calidad posible). Estas grabaciones deberán tener una antigüedad máxima de 2 años. El programa de dicha grabación será de libre elección.

## **Cuantía de los premios**

En los términos de la base décima el jurado podrá otorgar los siguientes premios:

Primer premio: 15.000 euros y diploma/ Conciertos con la Orquesta Sinfónica de Galicia /Concierto en Ferrol

Segundo premio: 10.000 euros y diploma

Tercer premio: 5.000 euros y diploma

Premio “Alicia de Larrocha” al mejor intérprete de música española: 1.000 euros y diploma

Premio “Pepito Arriola” al mejor pianista español: 500 euros y diploma

Premio “Gregorio Baudot” al mejor intérprete de una obra de un compositor gallego, de entre la lista

de compositores gallegos: 500 euros y diploma.

Premio del público “Concepción Arenal” : Diploma

Premio del público “Ferrol para el mundo” (en streaming): Diploma

Un máximo de 5 menciones de honor, a los participantes destacados que el jurado considere: 200 euros y diploma.

#### **Accésit:**

- Participantes que pasen a la semifinal:

La organización premiará con 100 euros a cada uno de los semifinalistas, excepto si alguno de ellos obtuviera algún premio o Mención de honor.

- Participantes que no pasen a la semifinal

De entre los participantes que no pasen a la primera ni a la segunda ronda, el jurado decidirá un máximo de 10 pianistas que considere, para participar en el Festival Internacional de Ferrol, que se celebrará en paralelo al concurso, por lo que percibirán un accésit de 100 euros, y un diploma acreditativo. El resto de participantes que estuvieran interesados en participar en dicho festival, siempre que la organización esté de acuerdo, recibirán un diploma acreditativo.

El jurado podrá acordar la concesión de un premio ex aequo, y en dicho caso el importe del mismo se dividiría entre los participantes premiados. El primer premio no podrá concederse ex aequo.

#### **Criterios de otorgamiento.**

Los jurados valorarán a los concursantes según criterios en cuanto a calidad artística, interpretativa, técnica y musical, entre otros factores”

Comunicollo a Vde. para o seu coñecemento e efectos, facéndolle saber que a presente resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o órgano que a dictou dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Todo isto, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución e na forma prevista no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa (BOE 14.07.1998).

Poderá utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

Ferrol,

O Secretario Xeral